



Teléfono 986 55 30 05 – Telefax 986 55 34 42  
Internet: [www.morana.org](http://www.morana.org)  
E-mail: [concello@moraña.org](mailto:concello@moraña.org)  
Rua 1, nº 2 – SANTA LUCIA  
36660 MORAÑA (Pontevedra)

C O N C E L L O  
DE  
M O R A Ñ A

En Moraña, a vinte e oito de abril de douce mil dezaseis.

**REUNIDOS:**

Dunha parte, María Luisa Piñeiro Arcos, Alcaldesa do Concello de Moraña, actuando no seu nome e representación, e sendo o C.I.F. do Concello P3603200A.

Doutra parte, Germán Alfonso Rúa Díaz con D.N.I. 35.235.834-H, como representante autorizado do Clube de Fútbol Moraña, sendo o C.I.F. do clube G36152312.

Ámbalas dúas partes se recoñecen mutuamente a capacidade xurídica necesaria para a formalización do presente Convenio e de común acordo,

**EXPOÑEN:**

**Primeiro:** A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, establece no seu artigo 19 o procedemento de concesión directa de subvencións.

**Segundo:** A subvención que se tramita non pode ser obxecto de publicidade e concurrencia ao tratarse de actividades concretas realizadas por unha única entidade.

**Terceiro:** Acredítase a existencia da subvención con carácter nominativo no presupuesto de gastos de 2016.

**Cuarto:** O solicitante manifesta non estar en ningunha das situacións que establece o artigo 11 da Lei 9/2007, que imposibilitan a obtención da condición de beneficiario, estando ao corrente nas súas obrigas coa Axencia Tributaria, a Seguridade Social, e a Comunidade Autónoma.

Quinta.- O Clube de Fútbol Moraña leva a cabo unha importante labor no fomento da educación no deporte coa xente moza da localidade, mediante os equipos de fútbol base nas categorías de prebenxamíns, benxamíns, alevíns, infantís, cadetes e xuvenís.



Teléfono 986 55 30 05 – Telefax 986 55 34 42  
Internet: [www.morana.org](http://www.morana.org)  
E-mail: [concello@morana.org](mailto:concello@morana.org)  
Rua 1, nº 2 – SANTA LUCIA  
36660 MORAÑA (Pontevedra)

C O N C E L L O  
DE  
M O R A Ñ A

Polo anteriormente citado, conscientes, tanto o Concello de Moraña, como o Clube de Fútbol Moraña, da importancia que para o desenvolvemento do fomento educativo no deporte da xente moza, ten a actuación coordinada de ámbalas institucións, manifestan a súa vontade de subscribir o presente convenio coas seguintes:

**CLÁUSULAS:**

- I. A presente subvención ten por obxecto regular a colaboración de ámbalas institucións no fomento da educación no deporte, mediante a cal o Concello de Moraña subvencionará as actividades e funcionamento do Clube de Fútbol Moraña.
- II. O Clube de Fútbol Moraña comprométese ao mantemento das seguintes seccións deportivas:
  - 1.- Prebenxamíns
  - 2.- Benxamíns
  - 3.- Alevíns
  - 4.- Infantís
  - 5.- Cadetes
  - 6.- Xuvenís
- III. A actividade a subvencionar son os custos desas sección deportivas e das instalación deportivas, concedéndose a **cantidad de 8.000 euros** de subvención con cargo á aplicación presupostaria 341.480 do exercicio de 2016.
- IV. O beneficiario comprométese a destinar a devandita subvención á realización da actividade fixada, cumprindo os obxectivos contemplados nas cláusulas anteriores.
- V. A subvención é compatible con outras subvencións, a axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- VI. O pagamento da subvención será en dous prazos; **unha primeira metade (50%), por un importe de 4.000,00 euros, en calidade de anticipo, unha vez asinado o convenio.**



Teléfono 986 55 30 05 – Telefax 986 55 34 42  
Internet: [www.morana.org](http://www.morana.org)  
E-mail: [concello@morana.org](mailto:concello@morana.org)  
Rua 1, nº 2 – SANTA LUCIA  
36660 MORAÑA (Pontevedra)


C O N C E L L O  
DE  
M O R A Ñ A

- VII. O resto da subvención por importe de 4.000,00 euros, unha vez se xustifique a totalidade dos gastos do ano 2016, previa presentación dunha memoria especificando o cumprimento do obxectivo e da documentación acreditativa dos gastos realizados (orixinal ou fotocopia compulsada de facturas), por importe igual ou superior á cantidade concedida.

O prazo para a xustificación dos gastos finalizará o día 28-12-2016.

- VIII. O beneficiario queda obrigado a reflectir, en toda a publicidade que utilice para a difusión da actividade, a constancia de colaboración económica do Concello.
- IX. O beneficiario estará obrigado a reintegro, total ou parcial, da subvención percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.
- X. O beneficiario estará obrigado a facilitar toda a información que lle sexa requerida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas de Galicia no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Nestes términos queda redactado o presente convenio, no contido do cal as partes intervintes se afirman e ratifican, asinándoo, por duplicado e a un so efecto, na data no encabezamento expresada.

  
Asdo Luisa Piñeiro Arcos  
Alcaldesa  
Concello de Moraña

  
Asdo. Germán Alfonso Rúa Díaz  
Presidente  
Clube Fútbol Moraña